




# Manual do Sistema de Garantía de Calidade

## Documento marco

3ª edición



## Identificación do centro

Centro	Facultade de Filosofía
Responsable	Decano da Facultade
Enderezo	Praza de Mazarelos s/n
Correo electrónico	<a href="mailto:zfildeca@usc.es">zfildeca@usc.es</a>
Teléfono	881812509

## Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
00	21/12/2009	Edición inicial
01	31/05/2013	Simplificación documental: creación do Manual Simplificado do SGIC e revisión de algúns procesos e procedementos.
02	03/10/2014	Modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC
03	03/03/2021	Actualización. Do Manual do SGC da Facultade de Filosofía e simplificación documental: supresión do Manual Marco extenso, supresión de procesos e procedementos obsoletos, particularización de procesos ás características do Centro.

## Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade e Grao da Facultade de Filosofía	18/02/2021
Aprobado por	Xunta da Facultade de Filosofía	25/02/2021
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	03/03/2021

## Índice

1	A Facultade.....	3
1.1	Presentación.....	3
1.1.1	Un pouco de historia.....	3
1.1.2	Os títulos de Filosofía.....	4
1.2	Organigrama.....	4
1.3	Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.....	4
1.4	Regulamentos e normas.....	9
2	Alcance do Sistema de Garantía de Calidade (SGC).....	10
3	Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade.....	11
3.1	Equipo de dirección (ED).....	11
3.2	Comisión de Calidade e Grao da Facultade de Filosofía (CCC).....	11
3.3	Comisión/s de título/s.....	13
3.4	Responsable de calidade do centro (RCC).....	16
3.5	Comité(s) Consultivo(s).....	16
3.6	Coordinador/a de título (CT).....	17
3.7	Coordinador/a de Calidade.....	17
4	Mapa de procesos.....	17
5	Indicadores e informes.....	20
6	Relación entre os procesos do sistema e as directrices.....	21
	Anexo I. Política de calidade.....	21

# 1 A Facultade

## 1.1 Presentación

No conxunto do territorio galego existe unha única facultade dedicada integramente ao ensino desta disciplina, a Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. Os estudos de Filosofía nesta Universidade comezaran no curso 1973-74 no seo da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, con título independente a partir de inicios dos 90.

### 1.1.1 Un pouco de historia<sup>1</sup>

A titulación de Filosofía da USC comezou a impartirse no curso académico 1973/74, inicialmente grazas a unha autorización da Secretaría Xeral da USC, que autorizaba a matrícula do alumnado do primeiro curso común aos títulos de Filosofía, Psicoloxía e Ciencias da Educación. Esta autorización respondía ás xestións que estaba a realizar o profesor Carlos Amable Baliñas Fernández diante do Ministerio de Educación e Ciencia para a creación da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación. Carlos Baliñas tomara posesión da cátedra de *Fundamentos de Filosofía e Historia dos Sistemas filosóficos*, na facultade de Filosofía e Letras da Universidade compostelá no ano 1969 e, co apoio da xunta de facultade de Filosofía e Letras promovía a creación da Facultade de das tres seccións que inicialmente a integrarían: Filosofía, Psicoloxía e Ciencias da Educación.

As clases comezaron a impartirse o día 8 de xaneiro de 1974, primeiro de xeito provisorio no edificio da praza de Mazarelos e despois na Facultade de Medicina. Nese mesmo ano 1974 publícase a Orde Ministerial que establece a División de Filosofía e Ciencias da Educación dentro da Facultade de Filosofía e Letras. En agosto de 1974 autorízase a creación da sección de Filosofía; e, por fin, en outubro, apróbase o plan de estudos de Filosofía e Pedagogía, pero sen autorizar os estudos de Psicoloxía, que serían finalmente aprobado nunha Orde Ministerial de 23 de decembro de 1975.

A data oficial da creación da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación é a do 15 de febreiro de 1975, na que se publica a correspondente Orde Ministerial. Por entón, a Facultade trasládase ao histórico edificio de Fonseca. Nese mesmo ano, Carlos Baliñas é nomeado decano da nova Facultade (antes fora decano comisario).

Da vella facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, integrada polas sección de Filosofía, Pedagogía e Psicoloxía, nacerá a actual Facultade de Filosofía. A sección de Psicoloxía, que nacera como sección no ano 1981, segrégase no ano 1991, data no nacemento da actual Facultade de Psicoloxía.

Posteriormente, a Facultade de Filosofía xurdiu como consecuencia do desdoblamento da mencionada Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, integrada polas sección de Filosofía e Ciencias da Educación, e comezou a súa andaina no curso 1996-97.

No curso 2005-06 produciuse o traslado do enderezo da Facultade de Filosofía á Praza de Mazarelos no casco vello de Santiago de Compostela. Anteriormente ocupou dúas sedes en distintos emprazamentos. Desde principios dos anos oitenta a Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación ocupou un edificio na Avenida Xoán XXIII. A partir de finais de 1986 a facultade trasladouse a un edificio compartido con Ciencias da Educación e Psicoloxía no Campus Vida. A actual localización da Facultade na Praza de Mazarelos, grazas á súa situación céntrica, contribúe á dinamización da vida académica e cultural da Facultade e a súa integración na vida socio-cultural na cidade de Santiago de Compostela.

---

<sup>1</sup> Para a elaboración deste apartado manexamos a documentación cedida polo profesor Carlos Baliñas Fernández, así como o que está publicado no libro Agís Villaverde, M. *Crónica viva do pensamento galego*, Fundación Isla Couto, Vigo 2020, pp. 324 e ss. (“O amencer da filosofía académica”).

### 1.1.2 Os títulos de Filosofía

Os títulos oficiais que na actualidade se atopan vinculados á Facultade de Filosofía son os seguintes:

- Grao en Filosofía
- Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía.

A primeira promoción que acada o título de Filosofía e Ciencias da Educación (Sección Filosofía) remata no curso 1977/78. No ano 1990, ao amparo do RD 1467/1990 de 26 de outubro (BOE de 20 de novembro de 1990) redáctase e apróbase un plan de estudos específico de Filosofía que, coas modificacións introducidas na reforma de 1999, atópase actualmente vixente<sup>2</sup>.

A partir do curso 2009-10 comezaron a impartirse as titulacións de Grao en Filosofía e Mestrado en Filosofía: Cuestións Actuais, adaptadas a Boloña. A data de autorización de implantación do título de Grao en Filosofía pola Xunta de Galicia está recollida no Decreto 385/2009, do 27 de agosto (DOG 16/09/09). A data de publicación no BOE é o 5 de marzo de 2010. A data da última acreditación é a o 11/07/2017. O actual Mestrado en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía recibiu a autorización da Xunta de Galicia para a súa implantación o día 28/06/2016 (DOG 13/07/2016) e foi publicado no BOE o día 19/12/2016. A data da primeira acreditación é a de 28/04/2016. Renovou a súa acreditación o día 17/09/2020.

## 1.2 Organigrama

O Equipo Decanal (ED) da Facultade de Filosofía está composto por:

- a) O/A decano/a
- b) O/A vicedecano/a
- c) O/A secretario/a

A elección e funcións dos membros do equipo decanal están rexidas pola normativa da USC e polo Regulamento de réxime interno da Facultade de Filosofía.

## 1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.

O Regulamento de réxime interno da Facultade de Filosofía (RRI) establece como órganos de goberno e xestión da Facultade de Filosofía os seguintes:

- a) O/A decano/a
- b) O/A vicedecano/a
- c) O/A secretario/a
- d) A Xunta de Facultade

Actuará en Pleno ou en Comisión Permanente. Tamén poderá dotarse de comisións delegadas, estábeis ou conxunturais, que a asesorarán e asistirán nas súas funcións. Son Comisións delegadas estábeis da Xunta de Facultade da Facultade de Filosofía:

- Permanente
- De Validacións e recoñecementos
- De Biblioteca
- Cultural e de Normalización Lingüística
- De Igualdade de Xénero

---

<sup>2</sup> Véxase a Resolución Reitoral de 28 de maio de 1999 da USC, pola que se publica a modificación do Plan de Estudos conducente ao título de Licenciado en Filosofía, por adaptación da normativa vixente (BOE nº 143, de 16 de xuño de 1999).

A estrutura do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filosofía, tendo en conta o RRI e o Manual Marco do SGC é a seguinte:

- a) Equipo de dirección
- b) Responsable de Calidade
- c) Coordinador de Calidade
- d) Comisión de Calidade e Grao
- e) Comisión Académica do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía.

Na Facultade de Filosofía ten a súa sede o Departamento de Filosofía e Antropoloxía. O profesorado do antedito departamento imparte docencia nas titulacións oficiais de Grao e Máster da Facultade, así como noutros títulos adscritos a outros Centros da USC. Así mesmo, docentes de departamentos con sede noutros Centros da USC e mesmo profesorado externo participan na docencia en materias do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía.

### **O/A decano/a da Facultade**

O/A decano/a é o órgano unipersoal que representa á Facultade, exerce a súa dirección e xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos. Son competencias do/a decano/a:

- a) A representación da Facultade.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e a de calquera outro órgano colexiado da Facultade, así como a execución dos seus acordos.
- c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
- d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao Centro.
- e) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
- f) Liderar o deseño, desenvolvemento, implantación, revisión e mellora do SGC da Facultade.
- g) Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
- h) Informar a todas as persoas do centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- i) Garantir que todas as persoas do centro teña acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- j) Informar á xunta de centro dos traballos e acordos da Comisión de Calidade do Centro.
- k) Proponer, para o seu nomeamento polo reitor, ao responsable de calidade do Centro, sempre que o considere oportuno, e poñelo en coñecemento da Xunta de Facultade.
- l) Nomear ao coordinador de Calidade, se é o caso, e poñelo en coñecemento da Xunta de Facultade.
- m) Proponer á xunta de centro para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das comisións de título no marco das normas que determinan a súa composición.
- n) A dirección económica das actividades organizadas polo centro.
- o) A proposta ao reitor do nomeamento e cesamento do secretario/a da facultade e, de ser o caso, o/a vicedecano/a, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- p) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- q) O control do adecuado mantemento do patrimonio do centro.
- r) Decidir sobre a xestión ordinaria dos espazos da Facultade.
- s) O exercicio das restantes funcións que deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da USC ou a lexislación universitaria.

- t) As competencias do/a decano/a estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade que non estivesen atribuídos a outros órganos.

A elección do/a decano/a axustarase ao establecido no Regulamento electoral da USC e no RRI.

#### **O/A vicedecano/a da Facultade**

O/A vicedecano/a será o encargado de asistir ao decano naquelas áreas de competencia que o/a decano/a lle encomende, así como de suplilo/a en caso de ausencia ou enfermidade.

Será nomeado/a polo reitor, a proposta do/a decano/a de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da USC.

#### **O/A secretario/a da Facultade**

O/A secretario/a é o órgano encargado de dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Centro, e como tal ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do Centro. Así mesmo en colaboración cos/as coordinadores/as das titulacións adscritas ao Centro, elaborará os horarios e calendarios de exames para o seu estudo na correspondente comisión de título e exercerá aquelas outras funcións que lle encomende o/a decano/a.

Será nomeado/a polo reitor, a proposta do/a decano/a de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da USC.

#### **Xunta de Facultade**

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro e como tal aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión. Concretamente son competencias da Xunta de Facultade segundo o RRI:

- a) A elección do/a decano/a e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva.
- b) A elaboración e a aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais. En todo o caso, estas competencias deberán desenvolverse tendo en conta a participación dos promotores dun título.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- g) A aprobación da programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento.
- h) A aprobación da memoria de calidade da Facultade.
- i) A aprobación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade.
- j) A aprobación dos informes de seguimento e de renovación da acreditación das titulacións adscritas á Facultade.
- k) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- l) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- m) O informe acerca das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- n) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.

- o) A manifestación da súa opinión sobre os asuntos relacionados coa Facultade ou coas súas actividades.
- p) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

\*As competencias anteriores, en canto o Pleno da Xunta de Facultade non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que se delegan na Comisión Permanente, excepto as que se mencionan nas letras a), b), c), d), e), g), h), i), j) l), m) e ñ) que non poderán ser delegadas.

A Xunta de Facultade estará composta por:

- O/A decano/a, que a convocará e presidirá.
- O/A vicedecano/a
- O/A secretario/a da Facultade, que o será tamén do pleno.
- O/A responsábel da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.
- O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35 % da capacidade docente dun profesor a tempo completo:
  - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51 %.
  - O resto do PDI, sempre que non exceda o 10 % do total da Xunta; de exceder esa porcentaxe corresponderalle unha representación polo 10 % do total da Xunta.
  - O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5 %.
- Unha representación do estudantado do 32 % do total da Xunta. O estudantado de grao non poderá representar menos do 20 % e garantirase a representación do estudantado de mestrado e doutoramento cando proceda.
- Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7 % do total da Xunta, cun mínimo de dous.

### A Comisión Permanente

É o órgano ordinario de goberno da Facultade que garante a axilidade das actuacións. Entre as súas competencias destacar as seguintes:

- a) Decidir sobre os asuntos de trámite ordinarios que sexan competencia da Xunta de Facultade e non estiveren reservados expresamente ao Pleno.
- b) Decidir sobre as peticións de dispensa de asistencia a clase e informar sobre a súa resolución no Pleno.
- c) Decidir sobre o uso e xestión de espazos da Facultade, naqueles casos que non sexan competencia do/a decano/a.
- d) Informar o proxecto de orzamento elaborado polo equipo decanal antes do seu debate no Pleno da Xunta.
- e) Propor a distribución das partidas de equipamento docente e de comunicacións do Centro.
- f) Informar a proposta de dotación de medios que cubran as necesidades de administración e servizos, e de funcionamento das comisións que o precisen.
- g) Facer o seguimento do estado do edificio e facer propostas sobre a súa conservación e reparación.
- h) Asistir ao/á decano/a no procedemento de revisión de cualificacións que o alumnado poida presentar.
- i) Asesorar ao/á decano/a en todos aqueles conflitos de carácter docente, non resoltos no marco do/s departamento/s, que puidesen presentarse.



j) Calquera outra que a Xunta de Facultade puidese delegarlle.

A Comisión Permanente estará integrada por:

- O/A decano/a, ou persoa en quen delegue, que a presidirá
- O/a vicedecano/a
- O/A secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión
- O/A responsábel da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos
- Tres representantes de PDI, sendo un deles o director/a do departamento adscrito a Facultade
- Dos representantes dos estudantes

### **Comisión de Validacións e recoñecementos**

As súas funcións serán:

- a) Informar os expedientes de validacións, recoñecemento e adaptación, e demais de natureza semellante que así o requiran, de grao e mestrado, excepto nos casos en que a competencia sexa atribuída ás comisións académicas das titulacións adscritas á Facultade. A Comisión de validacións poderá solicitar, se o estima oportuno, o asesoramento da comisión de título correspondente.
- b) Elaborar e propor, de ser o caso, táboas de validacións para a súa posterior consideración no Pleno da Xunta de Facultade.

Esta Comisión estará formada por:

- O/A decano/a, ou persoa en quen delegue, que a presidirá
- Catro representantes de PDI
- Dous representantes de estudantes,
- O PAS da Secretaría do Decanato, que terá voz mais non voto, tendo como función presentar as solicitudes e tramitar os informes elaborados pola Comisión ao servizo competente.

### **Comisión Cultural e de Normalización Lingüística**

Entre as súas atribucións atópanse as seguintes:

- a) Velar pola aplicación, na Facultade, do Plan de Normalización Lingüística para o que deberá promover, analizar e informar todo o relacionado coa normalización da cultura e lingua galega na vida académica, administrativa e de convivencia da Facultade, procurando que o galego sexa a lingua normal de comunicación.
- b) Organizar, promocionar e realizar actividades culturais.

A Comisión estará composta por:

- O/A decano/a, ou persoa en quen delegue, que a presidirá
- Un representante por cada departamento adscrito ao centro
- Un polo persoal de administración e servizos e un alumno/a de grao
- Un alumno de mestrado e un de doutoramento
- Esta Comisión terá carácter aberto polo que poderá participar nas súas reunións, con voz pero sen voto, calquera persoa interesada de Facultade.

## Comisión da Biblioteca

Serán funcións da Comisión da Biblioteca do Centro aprobar a política de desenvolvemento das coleccións e distribuír o presuposto no ámbito da súa competencia, de acordo coas liñas xerais emanadas da Comisión da Biblioteca Universitaria.

A Comisión de Biblioteca do Centro estará formada por:

- O/A Decano/a, ou persoa na que delegue, que actuará como Presidente.
- O/A Director/a da Biblioteca Intercentros.
- Tres profesores/as con dedicación a tempo completo que impartan docencia no centro e sexan membros da Xunta de Facultade.
- Tres representantes do alumnado que formen parte da Xunta de Centro.


## Comisión de Igualdade de Xénero

A Comisión de Igualdade vela polo cumprimento efectivo do principio de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos da Facultade, no cadro das políticas específicas deseñadas neste ámbito pola USC e en colaboración cos órganos competentes desta.

A Comisión de Igualdade está composta por:

- O/A decano/a, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- Un membro do profesorado con vinculación permanente á Universidade.
- Dous representantes do alumnado que formen parte da Xunta de Centro.
- Un representante do PAS do Centro.

## Mapa do organigrama e da estrutura e desenvolvemento do SGC



CCG: Comisión de Calidade e Grao

CAM: Comisión Académica de Máster

## 1.4 Regulamentos e normas

Os regulamentos e normas de carácter interno da Facultade, aos que hai que atender para o desenvolvemento do SGC son os seguintes:

- Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filosofía
- Manual de procesos e procedementos da Facultade de Filosofía
- Plano estratéxico da Facultade de Filosofía

- Regulamento de réxime interno da Facultade de Filosofía
- Regulamento de réxime interno do Departamento de Filosofía e Antropoloxía
- Memoria de verificación do Grao en Filosofía
- Memoria de verificación do Mestrado en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía
- Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG do Grao en Filosofía da USC
- Actas da Xunta de Facultade e das distintas Comisións delegadas
- Actas da Comisión de Calidade e Grao
- Actas da Comisión Académica do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía
- Protocolo de coordinación
- Protocolo de reunións de mobilidade

## 2 Alcance do Sistema de Garantía de Calidade (SGC)

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da Facultade contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia Facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

### Ciclo de mellora da formación universitaria




Figura 1. Adaptación propia a partir da "Guía para el diseño de SGIC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA"

### 3 Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade

#### 3.1 Equipo de dirección (ED)

O equipo de dirección do centro, e en particular o seu/súa decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

- a) Definir a planificación estratéxica do centro, concretada a través do plan estratéxico (PE) e a memoria de calidade do centro (MCC).
- b) Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do centro, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- c) Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do centro.
- d) Nomear ao responsable de calidade do centro, sempre que o/a decano/a non asuma as competencias.
- e) Nomear, se é o caso, ao coordinador de calidade do centro.
- f) Propoñer á Xunta de Facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade e Grao do Centro e, no seu caso, as das outras comisións de título no marco das normas que determinan a súa composición.
- g) Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
- h) Informar a todas as persoas do centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- i) Garantir que todas as persoas do centro teña acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- j) Informar á Xunta de Facultade dos traballos e acordos da Comisión de Calidade e Grao do Centro.
- k) Presentar á Xunta de Facultade, para a súa aprobación, a memoria de calidade do centro (MCC)

#### 3.2 Comisión de Calidade e Grao da Facultade de Filosofía (CCC)

A Comisión de Calidade é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Na Facultade de Filosofía a Comisión de Calidade asume as funcións propias da Comisión de título do Grao en Filosofía. Deste xeito pasa a denominarse Comisión de Calidade e Grao.

Serán membros da CCC:

- O/A decano/a, que a presidirá e convocará
- O/A vicedecano/a competente en materia de calidade
- O/A secretario/a da Facultade
- O/A coordinador/a de grao (ou os/as coordinadores/as de grao de ser o caso).
- O/A responsábel da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade, que asumirá a representación do persoal de administración e servizos
- Un mínimo de catro e un máximo de sete membros do PDI con dedicación a tempo completo repartidos do seguinte xeito:
  - Os/As coordinadores/as das titulacións universitarias oficiais de mestrado adscritas á Facultade
  - O/A director/a do departamento.

- Se como resultado da composición global da Comisión de Calidade, resultante da aplicación do indicado nos diferentes apartados deste artigo, non se atopase representada algunha área de coñecemento, deberá engadirse un membro da mesma.
- Se a composición do sector de PDI resultante da aplicación do sinalado nos puntos anteriores non acadase o número de catro profesores a tempo completo que impartan docencia no grao, deberase elixir o número de PDI necesario para acadar ese mínimo.
  - Dous/dúas alumnos/as de grao e un/ha por cada mestrado.
  - O/A coordinador/a de calidade, no caso de ser nomeado, será membro desta Comisión con voz pero sen voto.
  - Ademais, o/a decano/a cando o considere oportuno poderá propoñer outros membros á xunta de centro para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A CCC reunirse cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- En relación coas competencias relativas ao SGC

É o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC da Facultade de Filosofía, actuando ademais como medio de difusión interna do SGC e dos seus logros. En relación con estas competencias, á Comisión de Calidade e Grao correspóndelle, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC da Facultade.
- b) Aprobar e elaborar a proposta da memoria de calidade do Centro,
- c) Facer a proposta, á Xunta de Facultade, de modificación ou suspensión dos títulos.
- d) Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- e) Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- f) Elaborar o informe de seguimento dos títulos de Grao, para a súa posterior aprobación na Xunta de Facultade, que deberá incluír o informe de resultados de cada grao adscrito á Facultade e de propostas de mellora.
- g) Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título de Máster.
- h) Analizar a información proporcionada polos/as coordinadores/as dos graos e o/a responsábel de calidade para levar a cabo o seguimento dos títulos.
- i) Supervisar a metodoloxía didáctica e o rendemento das ensinanzas de Grao.
- j) Procurar a coordinación entre os programas das materias de Grao e o seu correcto desenvolvemento.
- k) Fomentar e coordinar as accións formativas de Grao non reguladas que poidan desenvolverse no Centro.
- l) Todas aquelas outras funcións relacionadas co ámbito da calidade necesarias para o correcto desenvolvemento do SGC.

- En relación coas competencias relativas á xestión ordinaria das titulacións de Grao

A Comisión de Calidade e Grao asumirá as competencias das comisións dos títulos de Grao e, por conseguinte, será o órgano colexiado ordinario de xestión dos títulos de Grao adscritos á Facultade e

ocuparase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento dos programas de estudos que establecen as memorias, de acordo co RRI e o SGC do centro. Neste senso serán funcións desta Comisión, con respecto as titulacións de Grao, as seguintes:

- a) Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola Xunta de Facultade.
- b) Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes, para a súa aprobación pola Xunta de Facultade.
- c) Aprobado as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, indicando os custos e recursos con que conta para a súa participación.
- d) Analizar a guía docente e programa de cada materia, que terá sido previamente aprobada polo departamento que ten asignado o encargo docente, para supervisar que o programa e a guía docente de cada materia se adaptan á memoria verificada do título e dar traslado do seu informe á Xunta de Facultade para a súa aprobación.
- e) Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no Grao.
- f) Determinar os complementos formativos que deban realizar os estudantes matriculados en función do seu perfil de acceso, sempre que así se determine na memoria do programa de estudos.
- g) Tramitar propostas de modificación dos títulos de grao en consonancia co establecido na normativa en vigor.
- h) Promover a organización de cursos, conferencias e actividades de formación continua ou de extensión universitaria.
- i) Formular a proposta de calendario de exames e horario de clases para a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade.
- j) Tomar as decisións necesarias para levar a cabo a xestión ordinaria dos TFG: nomear os tribunais, asignar liñas temáticas e conceder as prórrogas das mesmas, aprobar os títulos e establecer o calendario, e facer a proposta de matriculas de honra cando haxa dous ou máis tribunais de TFG.
- k) Atender ás cuestións propias do desenvolvemento da materia TFG que excedan da súa xestión ordinaria.
- l) Constituír comisións *ad hoc* para o seu asesoramento nun tema específico, que se disolverán despois de emitir o seu informe.
- m) Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do título e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

### 3.3 Comisión/s de título/s

O centro creará comisións de título cando se considere necesario para os graos, e en todo caso, para os mestrados. No caso de mestrados interuniversitarios deberán estar representadas as universidades que comparten o título.

Na actualidade na Facultade de Filosofía existen as seguintes comisións de título:

- Comisión de Calidade e Grao
- Comisión Académica do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía

As comisións de título velarán polo funcionamento ordinario do título, terán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente en cada momento, así como outras que podan

contemplarse no RRI, neste Manual ou noutras normativas. No caso de títulos interuniversitarios, rexerá o que indique o convenio.

### **Comisión de Calidade e Grao**

Como xa foi comentado no punto 3.2 deste Manual, a Comisión de Calidade do centro asume as funcións propias da Comisión de título do Grao en Filosofía, pasando a denominarse Comisión de Calidade e Grao. Con independencia do anterior o centro poderá crear comisións de título cando se considere necesario no suposto de implantación de novos graos ou decidir que a Comisión de Calidade e Grao asuma as competencias con respecto a nova titulación.

A composición e competencias desta Comisión xa foron indicadas no punto anterior deste Manual.

### **Comisión Académica de Máster**

Esta Comisión estará composta polos seguintes membros:

- O/A decano/a, que a presidirá e convocará
- O/A vicedecano/a competente en materia de calidade, se é o caso.
- O/A coordinador/a do mestrado
- O/A responsábel da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade, que asumirá a representación do persoal de administración e servizos
- PDI con dedicación a tempo completo e que imparta docencia no mestrado, repartidos do seguinte xeito:
  - un membro pertencente á área de Antropoloxía Social, sempre que imparta docencia no mestrado.
  - un membro pertencente á área de Filosofía, sempre que imparta docencia no mestrado.
  - un membro pertencente á área de Filosofía Moral, sempre que imparta docencia no mestrado.
  - un membro pertencente á área de Lóxica e Filosofía da Ciencia, sempre que imparta docencia no mestrado.
  - un membro pertencente á algunha do resto das áreas que imparten docencia no mestrado.
- Dous representantes do alumnado
- O/A coordinador/a de calidade, no caso de ser nomeado, será membro desta Comisión con voz pero sen voto.
- Ademais, o/a decano/a cando o considere oportuno pode propoñer outros membros á xunta de centro para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.
- Poderán participar (con voz, mais sen voto) na comisión, cando así o demande a natureza do título, profesorado externo, egresados, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

A Comisión Académica do Máster reunirse cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As comisións de mestrado serán os órganos colexiados ordinarios de xestión dos mestrados adscritos á Facultade e ocuparanse daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo co Regulamento de réxime interno e o SGC da Facultade. En calquera caso serán funcións das comisións de mestrado as seguintes:

- a) Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola Xunta de Facultade.
- b) Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes.
- c) Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos con que conta para a súa participación.

- d) Analizar a guía docente e programa de cada materia previamente aprobada polo departamento que ten asignado o encargo docente, para supervisar que o programa guía docente de cada materia se adaptan á memoria verificada do título e dar traslado do seu informe á Xunta de Facultade para a súa aprobación.
- e) Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no mestrado.
- f) Determinar os complementos formativos que deban realizar os estudantes matriculados en función do seu perfil de acceso, sempre que así se determine na memoria do programa de estudos.
- g) Tramitar propostas de modificación dos títulos de mestrado en consonancia co establecido na normativa en vigor.
- h) Promover a organización de cursos, conferencias e actividades de formación continua ou de extensión universitaria.
- i) Formular a proposta de calendario de exames e horario de clases para a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade.
- j) Tomar as decisións necesarias para levar a cabo a xestión ordinaria dos TFM: nomear os tribunais, asignar liñas temáticas e conceder as prórrogas das mesmas, aprobar os títulos, establecer o calendario e facer a proposta de matrículas de honra cando haxa dous ou máis tribunais de TFMs.
- k) Constituír comisións *ad hoc* para o seu asesoramento nun tema específico, que se disolverán despois de emitir o seu informe.
- l) Facer a proposta, á Xunta de Facultade, de modificación ou suspensión do título.
- m) Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do programa e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

Ademais, en relación co SGC, a Comisión Académica do Mestrado, asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Elaborar o informe de seguimento/renovación da acreditación do título, para a súa remisión á Comisión de Calidade e Grao do Centro e a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade, que deberá incluír o informe de resultados e de propostas de mellora.
- b) Analizar a información proporcionada polo/a coordinador/a do mestrado e o/a responsábel de calidade para levar a cabo o seguimento do título de mestrado.
- c) Supervisar a metodoloxía didáctica e o rendemento das ensinanzas.
- d) Procurar a coordinación entre os programas das materias e o seu correcto desenvolvemento.
- e) Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCC e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do centro.
- f) Elevar proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título, se así se deriva do seu seguimento periódico.
- g) Todas aquelas outras funcións relacionadas co ámbito da calidade necesarias para o correcto desenvolvemento do SGC.
- h) Traballar conxuntamente coa Comisión de Calidade e Grao cando sexa necesario para o correcto desenvolvemento do SGC.



### 3.4 Responsable de calidade do centro (RCC)

O decano/a asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear un/unha responsable de calidade do centro (RCC) entre os membros do equipo de dirección. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do/a RCC poden concretarse en:

- a) Coordinar o funcionamento da CCC.
- b) Trasladar á CCC e á/s comisión/s de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- c) Realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do Centro.
- d) Ser o/a interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, a través do/a responsable de calidade do Centro, así como atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en Calidade para implantar os axustes e melloras do SGC na Facultade.
- e) Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- f) Dirixir a elaboración da memoria de calidade do centro.
- g) Coordinar a elaboración dos informes de seguimento das titulacións do centro
- h) Coordinar a elaboración dos informes de renovación da acreditación das distintas titulacións do centro, así como as outras actuacións que debe levar a cabo a Facultade relativas ao proceso de acreditación.
- i) Presentar xunto co RCC á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, informándoa das actuacións da comisión de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- j) Presidir a CCC nos casos en que haxa que suplir ao/á decano/a.

### 3.5 Comité(s) Consultivo(s)

O equipo de dirección do centro pode crear un comité consultivo do centro ou un comité por titulación cando o seu ámbito así o aconselle, para que axude ao centro a conseguir os seguintes obxectivos:

- Debater as tendencias e cambios sociais de interese para a actividade docente e investigadora do centro.
- Canalizar á sociedade información sobre o centro e facer que teña máis proxección no seu entorno.
- Prestar asesoramento na elaboración e implantación do plan estratéxico do centro.

A participación dos seus membros terá carácter voluntario e non será remunerada, e as súas achegas non serán vinculantes.

No momento da súa creación, deberá determinarse a vinculación dos membros do comité que, a título orientativo, pode ser por un período de 4 anos, con posibilidade de renovación.

O Comité consultivo reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e deixará constancia das súas reunións mediante actas. Co obxecto de facilitar a recollida de información, para as consultas necesarias poderanse articular mecanismos alternativos que permitan participar aos seus membros (solicitude de informes, enquisas, etc)

### 3.6 Coordinador/a de título (CT)

Os/As coordinadores/as de título serán os responsables de liderar e organizar o título de grao ou mestrado, e serán nomeados/as polo/a reitor/a da USC a proposta do/a decano/a, entre o profesorado con vinculación permanente á USC, dedicación exclusiva a con docencia no título que coordina.

A duración máxima no posto de coordinador/a de título será de 8 anos consecutivos.

No caso de cesamento, dimisión ou baixa por calquera circunstancia corresponderalle exercer estas funcións ao docente de maior categoría e máis antigüidade na USC que forme parte da comisión de título ata que se proceda ao nomeamento do/a novo/a coordinador/a.

Tendo en conta o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente, así como as competencias que deberá asumir en relación co SGC, serán funcións do/a coordinador/a de título as seguintes:

- a) Dirixir, coordinar e actuar en representación do título.
- b) Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- c) Presentar xunto co RCC á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informándoa das actuacións da comisión de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- d) Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.
- e) Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daqueloutras que correspondan a outras instancias.
- f) Difundir entre o profesorado do título calquera información relativa a súa xestión académica.
- g) Asumir todas as competencias que lle outorga a normativa vixente relativas ás actas de cualificación do alumnado.
- h) Desenvolver, fomentar e dirixir o programa de acción tutorial, así como outras figuras de orientación que o Centro estableza, para o alumnado da titulación.
- i) Asumir a interlocución entre o alumnado e profesorado da titulación, debendo trasladar aos órganos competentes as demandas ou suxestións que excedan da súa responsabilidade.
- j) Impulsar as convocatorias das reunións de coordinación da titulación de acordo co establecido no protocolo de coordinación do centro.
- k) Colaborar co/a secretario/a da Facultade na elaboración dos horarios de clase e calendario de exames
- l) Calquera outra función que lle fora asignada polos órganos competentes.

### 3.7 Coordinador/a de Calidade

Será a persoa nomeada polo/a decano/a entre o PDI do Centro, que non sexa membro do equipo de dirección, para a realización de funcións de apoio ao Responsable de Calidade do Centro.

## 4 Mapa de procesos


O SGC concrétase en 8 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de centro concrétase en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

Nivel institucional  
Procesos institucionais  
PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas  
PI-02 Auditoría interna  
PI-03 Xestión dos recursos humanos  
PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos  
PI-05 Xestión documental  
PI-06 Medición e mellora  
PI-07 Xestión de incidencias (SQR)  
PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades  
Nivel de centro  
Procesos estratéxicos  
Planificación  
PE-01 Planificación estratéxica  
PE-02 Revisión e mellora  
Procesos clave  
Organización e desenvolvemento dos programas  
PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación  
PC-02 Planificación das ensinanzas  
PC-03 Apoio a estudantes  
PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas  
PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas  
Procesos de soporte  
Xestión dos recursos  
PS-01 Xestión dos recursos humanos  
PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos  
Xestión de apoio ao sistema  
PS-03 Xestión documental  
PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades  
PS-05 Xestión das incidencias (SQR)  
Información pública e transparencia  
PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

# MAPA DE PROCESOS



## 5 Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional *PI-06 Medición e mellora*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina web.

## 6 Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

Procesos do sistema		Directrices Fides-Audit					
		Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	Información pública
Procesos Institucionais	PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas		X	X	X	X	X
	PI-02 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-03 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PI-05 Xestión documental						X
	PI-06 Medición e mellora	X	X	X	X	X	X
	PI-07 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X

### Anexo I. Política de calidade

#### Compromiso de calidade

A Facultade de Filosofía está comprometida cos todos os procesos de calidade que afectan ao Centro e ás súas titulacións oficiais. Tanto o actual equipo decanal como os precedentes desenvolveron o seu traballo coa clara conciencia de que os procesos de calidade (informes de seguimento, plans de mellora, renovación de acreditación dos títulos, etc.) constitúen unha oportunidade para a mellora constante do Centro no seu conxunto e das súas titulacións, para dar resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a Facultade de Filosofía elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento dos programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico. Para este fin, a Facultade de Filosofía ten como principios reitores os seguintes **VALORES**:

- De **xeito transversal**, o Centro desenvolve as súas funcións priorizando valores éticos principais como o compromiso e responsabilidade social, a sustentabilidade e a conciencia ambiental, á igualdade de xénero, a atención á persoas con diversidade funcional, o pensamento crítico e a transparencia na información.
- Concretamente, no **eido docente**:
  - Cultivamos os valores da creatividade e innovación nas metodoloxías docentes.
  - Practicamos o valor da coordinación (especialmente nas materias compartidas por diversos docentes).
  - Incentivamos os valores da participación e responsabilidade como prácticas transversais a transmitir aos nosos estudantes.
- No **eido da investigación**:
  - Procuramos o valor da transmisión e aplicación do coñecemento xerado por esta vía á labor docente e, en xeral, á sociedade.

A posta en práctica deste valores é acaída coa **VISIÓN** que comparte toda a comunidade universitaria da Facultade:

- O Centro quere proporcionar ao seu estudiantado unha formación integral e adaptada ás necesidades da sociedade actual.
- Procura un recoñecemento dende o punto de vista da calidade, que afecte tanto a labor do profesorado como ao desenvolvemento dunha formación axeitada ás necesidades do presente e sensible ás necesidades do contexto laboral.
- Quere ser un Centro no que o PDI e PAS, na súa pluralidade de figuras contractuais, poidan realizar os seus respectivos labores profesionais nun espazo de oportunidades, de participación, de compromiso, de autonomía e de calidade.
- Ha de ser un espazo de referencia, de sensibilidade e de proximidade ao entorno social e de activa colaboración co conxunto de iniciativas dos Institutos de Ensinanza Secundaria, das Asociacións estudiantís e das diversas Asociacións de Filosofía constituídas en Galicia.

Debemos desenvolver estes valores e visión, consonte a unha clara conciencia da nosa **MISIÓN**:

- A Facultade de Filosofía da USC é una institución pública que ten a súa razón de ser na preservación, xeración, transmisión e difusión do coñecemento no eido filosófico de xeito socialmente responsable. Isto faise mediante a formación integral de estudantes e profesionais cualificados no ámbito da filosofía, que sexan capaces de afrontar e implicarse nos retos dunha sociedade en continuo cambio, así como desenvolver o seu exercicio profesional con solvencia, espírito crítico e responsabilidade social. O compromiso coa sociedade materialízase na formación de profesionais que devolverán, mediante os seus servizos, o que esta investiu na súa formación a través do financiamento público da Universidade.

- Fundamentalmente, os nosos obxectivos estratéxicos (recollidos no Plan Estratéxico do Centro) son os seguintes:
  - DOCENCIA. A Facultade de Filosofía debe contar cunha oferta de títulos atractiva e actualizada en consonancia co desenvolvemento da contorna e as demandas da sociedade que a financia. A actualidade da nosa oferta académica é quen de captar a estudantes cun elevado rendemento académico e de acadar o pleno de matrícula na súa oferta de prazas, como unha constante durante o último quinquenio.
  - INVESTIGACIÓN. A Facultade de Filosofía, que conta con diversos Grupos de Investigación nas súas áreas de coñecemento, debe conseguir que a súa actividade investigadora vaia adquirindo unha maior difusión e integración no eido social (na medida na que responde ás demandas da contorna), e debe participar activamente na creación dun “Instituto de Estudos de Humanidades” como referencia para os diferentes Grupos así como contribuír ao desenvolvemento do Campus da Cidadanía.
  - DE XEITO TRANSVERSAL. A Facultade de Filosofía, como Centro integral de desenvolvemento de docencia, investigación e acción cultural, en xeral, pretende:
    - (i) A integración da innovación docente, da actividade investigadora e da innovación tecnolóxica no seu normal funcionamento.
    - (ii) O compromiso coas demandas socioculturais e as demandas das institucións - públicas e privadas- implicadas no exercicio profesional dos titulados do Grao, Posgrao e Doutoramento que se imparten no Centro.
    - (iii) A proximidade ao alumnado mediante o seguimento do seu itinerario formativo, o enriquecemento da súa formación complementaria, e a promoción da súa labor de implicación na actividade do Centro, tanto cultural como de representación nos seus órganos de goberno.

A Facultade de Filosofía adquire o firme compromiso de garantir a calidade no Centro e establece a súa política baixo o seguintes principios fundamentais:

- RESPONSABILIDADE. Proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- INTEGRACIÓN, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE. A nosa Facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- ORIENTACIÓN AO ALUMNADO. O Centro garante no seu programa formativo e na aplicación dos seu programa de acción tutorial unha orientación constante ao seu alumnado.
- EXCELENCIA. O traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria.
- TRANSPARENCIA. A Facultade de Filosofía ten como alicerce da xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

En conclusión, a Facultade de Filosofía quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver a súa actividade de xeito que promova a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos. Deste xeito, a Facultade de Filosofía dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa



disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

A dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o Decano subscribe este documento de política de calidade o día 23 de decembro de 2020.

Sinatura (electrónica) do Decano do centro